A37	Capacidade de identificar os problemas artísticos e/ou socioculturais así como os condicionantes que fan posible discursos artísticos determinados. Describir os condicionantes que inciden na creación artística. Análise das estratexias de produción artística
A38	Capacidade heurística e de especulación para a realización de novos proxectos e estratexias de acción artísticas. Desenvolver a comprensión e especulación dos problemas artísticos na súa totalidade
A42	Habilidades para a creación artística e capacidade de construír obras de arte. Adquirir as destrezas propias da práctica artística
A43	Habilidade para establecer sistemas de produción. Desenvolver estratexias aplicadas ao exercicio sistemático da práctica artística
B1	Capacidade de xestión da información.

Competencias de materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Coñecemento de diferentes disciplinas artísticas propias da creación de imaxes e a súa posible interrelación.	A7 A9 A12
Coñecemento dos procedementos propios das disciplinas relacionadas coa elaboración de imaxes.	A7 A9 A12

Coñecemento de sistemas de reprodución da imaxe.	A9 A12 A14	
Capacidade para desenvolver propostas creativas con extensión.	A31 A32 A37	
Capacidade para abordar problemas da arte nun conxunto de obras.	A31 A37 A38	
Capacidade para a visualización e a análise de imaxes.	A1 A25	B1
Capacidade para o manexo de métodos de produción específicos.	A31 A32	
Capacidade para comprender na súa máxima intensidade a experiencia do taller de produción e creación.	A20 A22 A31 A32	
Capacidade para dar visibilidade ás ideas mentais e ao mundo sensible.	A31 A38	
Capacidade para pasar das imaxes mentais ás visuais.	A31 A32	
Capacidade para a proxección e construción de imaxes previas á obra.	A26 A38	
Habilidade para o manexo de instrumentos e métodos propios do debuxo, a pintura e a fotografía.	A42 A43	
Habilidade para a experimentación coa imaxe.	A42 A43	
Habilidade para a integración de disciplinas distintas na produción de imaxes.	A33 A42 A43	

Contidos

Tema	
PRODUCCIÓN ARTÍSTICA:IMAXE 1	-A pintura e o debuxo como xénero. Procesos e técnicas. A fotografía aplicada á produción de imaxes
PRODUCCIÓN ARTÍSTICA:IMAXE 1	-Desenvolvemento e expansión do campo pictórico.Relacións con outros xéneros e disciplinas -Desenvolvementos e expansións do debuxo como campo creativo. Relacións con outros xéneros e disciplinas. -Procesos reversibles e irreversibles. Procesos e procedementos de creación de imaxes únicas. -Introdución ao proxecto na creación de imaxes
PRODUCCIÓN ARTÍSTICA:IMAXE 1	-Concepto de autoría.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Sesión maxistral	15	0	15
Traballos de aula	50	0	50
Resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma	0	158	158
Saídas de estudo/prácticas de campo	0	25	25
Estudos/actividades previos	0	12	12
Traballos e proxectos	40	0	40

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Sesión maxistral	Clase presencial con posible apoio multimedia. Obxectivos: aportarlle ao/á alumno/a, a información necesaria para a realización do traballo na materia.
Traballos de aula	Os estudantes traballan no aula baixo supervisión do profesor.
Resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma	Maneira na que se formulan as actividades docentes relacionadas coa materia e que o alumno/a debe resolver.

Saídas de estudo/prácticas de campo	Actividade autónoma do alumno.
Estudios/actividades previas	Documentación dos traballos realizados. Preparación de avaliacións. Actividade autónoma do alumno.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballos de aula	O profesorado atende individual e/ou colectivamente aos estudantes no seu traballo. Persegue orientar e dar as pautas necesarias a cada estudante durante o desenvolvemento da actividade creadora Tutorías: Chelo Matesanz: mércores de 15.30h a 21.30 h Teresa Pajares: xoves de 10.00 a 14.00 horas e de 16.30 a 18.30 horas Loreto Blanco: luns de 15.00 a 17.00 horas e martes de 8.30 a 12.30.

Avaliación

	Descrición	Cualificación
Sesión maxistral	Exames orais (probos orais na aula, entrevista, debate, etc.).	10%
Traballos de aula	Técnicas de observación (asistencia, implicación e compromiso).	20
Resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma	Actividade na que se formulan problemas e/ou exercicios relacionados coa materia. O alumno debe desenvolver as solucións adecuadas ou correctas mediante a exercitación de rutinas, a aplicación de procedementos de transformación da información dispoñible e a interpretación dos resultados. Adóitase utilizar como complemento da lección maxistral.	20
Traballos e proxectos	O estudante de xeito individual ou en grupo presenta o resultado do seu traballo, proxectos, etc., ante o profesor e un grupo de estudantes. Obxectivos. Comprobar a comprensión que o alumno/a realizou da súa práctica artística, así como a súa capacidade de análise e autocrítica.	50

Outros comentarios sobre a Avaliación

Avaliación continua a través do seguimento do traballo no aula-taller.

Avaliación continua a través da exposición de proxectos e resultados.

Avaliación global do proceso de aprendizaxe e a adquisición de competencias e coñecementos.

Cualificación final numérica de 0 a 10 segundo a lexislación vixente.

Nas datas de exame poderase pedir a presentación de todos os exercicios e propostas expostas durante o curso. Se o profesor ou a profesora considéranlo necesario realizarán algunha proba específica teórico/práctica.

P1-Martes 17 de xaneiro ás 17 horas

P2-Martes 17 de xaneiro ás 10 horas

P3-Luns 16 de xaneiro as 11.30 horas

P4-mercores 18 de xaneiro ás 17 horas

Bibliografía. Fontes de información

BACHELARD, Gastón, **La poética del espacio**, Ed. Fondo de Cultura Económica,,
 BOZAL, Valeriano, **Mímesis, las imágenes y las cosas**, La Balsa de la Medusa, Visor Dis.,S.A.,,
 DERRIDA, Jacques, **La deconstrucción en las fronteras de la filosofía**, Paidós Ibérica,,
 KRAUSS, Rosalind E., **El inconsciente óptico**, Colección Metrópolis, Editorial Tecnos,,
 SENTÍS, Mireia, **Al límite del juego**, ed. Ardora,,
 SHINER, Larry, **La invención del arte**, Paidós,,

Recursos e fontes de información complementaria.

KAHLO, Frida *El diario de Frida Kahlo. Un íntimo autorretrato*, (introducción de Carlos Fuentes), Editorial Debate, C. de L., S.A., 1995.

Robert Rauschenberg. A retrospective, Guggenheim Museo, Bilbao, 1999.

Experiencias artísticas del Centro I+D de la Estampa Digital. Impresiones, Real Academia de Bellas Artes de San Fernando □ Calcografía Nacional, Madrid, 2001.

Huellas de Luz. El arte y los Experimentos de William Henry Fox Talbot, Museo Nacional Centro de Arte Reina Sofía, Madrid, 2001.

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Expresión artística: Debuxo-Forma/P01G010V01102

Expresión artística: Materia-Cor/P01G010V01201

Técnicas fotográficas/P01G010V01204

Técnicas pictóricas/P01G010V01104

Debuxo/P01G010V01402

Pintura/P01G010V01404

Outros comentarios

Asistir e visitar regularmente exposicións en museos e galerías de arte.

Recoméndase traballar, traballar e traballar.

DATOS IDENTIFICATIVOS**Arte e contemporaneidade**

Materia	Arte e contemporaneidade			
Código	P01G010V01601			
Titulación	Grao en Belas Artes			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	3	2c
Lingua de impartición	Castelán Galego			
Departamento	Escultura Pintura			
Coordinador/a	Rodríguez Caldas, Maria del Mar			
Profesorado	Rodríguez Caldas, Maria del Mar Roman Redondo, Juan Carlos			
Correo-e	mar.ber@terra.es			
Web				
Descrición xeral	□Arte e contemporaneidade□ é unha materia transversal pertencente ao módulo dos contextos artísticos e dedicada a afrontar os aspectos máis circunstanciais e de época da arte, tanto pola súa significación social como cultural. Esta materia pretende que o alumno coñeza e analice aquelas prácticas artísticas que se desenvolven na actualidade e que as relacione con aqueles conceptos establecidos na idea de contemporaneidade.			

Competencias de titulación

Código	
A1	Comprensión crítica da historia, teoría e discurso actual da arte. Comprender de xeito crítico a historia, teoría e discurso actual da arte. Asimilación analítica dos conceptos nos que se sustenta a arte
A2	Comprensión crítica da evolución dos valores estéticos, históricos, materiais, económicos e conceptuais. Analizar a evolución dos valores da arte desde unha perspectiva socioeconómica e cultural
A3	Comprensión crítica da responsabilidade de desenvolver o propio campo artístico. Compromiso social do artista
A4	Comprensión crítica da dimensión preformativa e de incidencia social da arte. Analizar a repercusión recíproca entre a arte e a sociedade
A5	Coñecemento da teoría e do discurso actual da arte, así como o pensamento actual dos artistas a través das súas obras e textos. Actualizar constantemente o coñecemento directo da arte a través dos seus propios creadores
A6	Coñecemento do vocabulario, códigos, e dos conceptos inherentes ao ámbito artístico. Coñecer a linguaxe da arte
A7	Coñecemento do vocabulario e dos conceptos inherentes a cada técnica artística particular. Coñecer a linguaxe creativa específica
A8	Coñecemento das diferentes funcións que a arte adquiriu a través do desenvolvemento histórico. Estudar a evolución do papel da arte a través do tempo
A9	Coñecemento de métodos de produción e técnicas artísticas. Analizar os procesos de creación artística
A10	Coñecemento de institucións e organismos culturais españois e internacionais e do seu funcionamento (rede museística, exposicións, bienais, etc.)
A11	Coñecemento das normas de actuación derivadas dos dereitos de autor e propiedade
A12	Coñecemento dos materiais e dos seus procesos derivados de creación e/ou produción. Coñecer os materiais, procedementos e técnicas que se asocian a cada linguaxe artística
A13	Coñecemento básico da metodoloxía de investigación das fontes, a análise, a interpretación e síntese. Analizar, interpretar e sintetizar as fontes
A14	Coñecemento dos instrumentos e métodos de experimentación en arte. Aprendizaxe das metodoloxías creativas asociadas a cada linguaxe artística
A15	Coñecemento dos métodos artísticos susceptibles de seren aplicados a proxectos socioculturais. Estudar as metodoloxías que faciliten a actuación artística no entorno social
A16	Coñecemento das características dos espazos e medios de exposición, almacenaxe e transporte das obras de arte
A17	Coñecemento dos diferentes axentes artísticos e o seu funcionamento. Identificar os distintos intermediarios artísticos e as súas funcións na dinámica da arte e a súa metodoloxía de traballo
A18	Coñecementos básicos de economía e marketing. Analizar e situar a actividade artística nun contexto estratéxico e de competencia. Establecer e manter relacións comerciais con clientes e/ou socios
A19	Capacidade para identificar e entender os problemas da arte. Establecer os aspectos da arte que xeran procesos de creación.
A20	Capacidade de interpretar creativa e imaxinativamente problemas artísticos. Desenvolver os procesos creativos asociados á resolución de problemas artísticos
A21	Capacidade de comprender e valorar discursos artísticos en relación coa propia obra. Establecer medios para comparar e relacionar a obra artística persoal co contexto creativo.
A25	Capacidade de (auto)reflexión analítica e (auto)crítica no traballo artístico.
A35	Capacidade para activar un contexto cultural e/ou modificar un contexto público ou privado. Saber entender o contexto cultural para xerar iniciativas e dinamizar o entorno

A37	Capacidade de identificar os problemas artísticos e/ou socioculturais así como os condicionantes que fan posible discursos artísticos determinados. Describir os condicionantes que inciden na creación artística. Análise das estratexias de produción artística
A39	Capacidade de determinar o sistema de presentación adecuado para as calidades artísticas específicas dunha obra de arte. Adquirir criterios para a adecuada apreciación da obra de arte en relación co seu entorno e exhibición
B1	Capacidade de xestión da información.
B2	Capacidade de comunicación. Capacidade para expoñer oralmente e por escrito con claridade problemas complexos e proxectos dentro do seu campo de estudo
B3	Coñecemento básico da metodoloxía de investigación das fontes, a análise, a interpretación e síntese
B4	Capacidade de aprendizaxe autónoma.
B5	Capacidade de traballar autonomamente.
B6	Capacidade de traballar en equipo.
B7	Capacidade de integración en grupos multidisciplinares. Capacidade de colaboración con profesionais doutros campos
B8	Capacidade de iniciativa propia e de automotivación.
B9	Capacidade de perseverancia.
B10	Capacidade heurística e de especulación para a resolución de problemas, a realización e novos proxectos e estratexias de acción.
B11	Habilidades interpersoais, conciencia das capacidades e dos recursos propios
B12	Capacidade de adaptación a novas situacións.
B13	Recoñecemento da diversidade e a multiculturalidade
B15	Sensibilidade a respecto do patrimonio cultural.
B16	Compromiso ético profesional.

Competencias de materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe	
Coñecemento das prácticas artísticas máis contemporáneas.	A1 A2 A5 A8	
Coñecemento de textos e reflexións sobre a práctica contemporánea da arte.	A1 A5	
Coñecemento das canles de exposición e difusión da arte contemporánea.	A5 A16 A17	
Coñecemento da realidade contemporánea da arte galega.	A1 A2 A5 A8	
Capacidade de recoñecemento de contextos artísticos contemporáneos.	A2 A4 A19 A35	
Capacidade de contextualizar proxectos e obras artísticas contemporáneas.	A37	B2
Capacidade para encadrar os proxectos artísticos propios nas sensibilidades máis contemporáneas.	A5 A21 A25 A37 A39	
Capacidade para a comprensión crítica das producións artísticas contemporáneas.	A37	B1 B2
Habilidade para comprender a creación artística en contextos contemporáneos.	A1 A37	B2

Habilidade para establecer discursos críticos sobre a arte contemporánea.	A1	B1
	A2	B2
	A3	B3
	A4	B4
	A5	B5
	A6	B6
	A7	B7
	A8	B8
	A9	B9
	A10	B10
	A11	B11
	A12	B12
	A13	B13
	A14	B15
	A15	B16
	A17	
	A18	
	A19	
	A20	
Habilidade para a contextualización do traballo propio nas manifestacións culturais contemporáneas.	A8	
	A9	
	A10	
	A11	
	A12	
	A13	

Contidos

Tema

a) A idea de contemporaneidade.	<ol style="list-style-type: none"> 1. O concepto de tempo. Ideas sobre pasado, presente e futuro. 2. "Zeitgeist": deseñamos o presente como se fose o futuro. "Volksgeist": construímos o presente a través do pasado. 3. As curvaturas espazo-temporais. O revival e o eterno retorno. 4. Erudición e citacionismo, crítica e apropiacionismo. 5. A arte como expresión do presente. A idea de contemporaneidade. 6. A arte contemporánea como necesidade global de representar o presente. Cara a un novo estilo internacional.
b) Construír a contemporaneidade. Actividade e actitude do artista.	<ol style="list-style-type: none"> 1. O paradigma da arte nova. Xuventude e contemporaneidade. 2. O artista contemporáneo. Do artista personalista/individualista ao artista colaborador/produtor, e viceversa. 3. Quen substitúe a Rafael? De como a excelencia non pode ser substituída polo anonimato e a multitude. 4. O artista relacional. Evolucións situacionistas sobre os axentes implicados no acontecemento artístico. A obra de arte sen corpo e o artista (calquera, todos, ningún) lección. Populismo versus demonismo.
c) Vivir e experimentar a contemporaneidade.	<ol style="list-style-type: none"> 1. Da arte como exercicio poético e intelectual á arte como produto cultural. Arte e sociedade 2. A arte nas sociedades contemporáneas. O entrecruzamento das sociedades, as comunidades e os seus parámetros evolutivo-contextuais: Oriente/Occidente (Eurasia), Europa/América, Primeiro Mundo/ Terceiro Mundo, etc. 3. Arte e relixión. O debate hexemónico-relixioso na arte contemporánea. Xudaísmo/cristianismo (católicos/protestantes). A presenza de máis relixións na escena artística: ortodoxos, musulmáns, budistas, hinduístas, etc. 4. A arte contemporánea como parte da industria cultural e do entretemento. Bienais, feiras de arte e macroexposicións transformadas en parques temáticos e en eventos sociais. 5. Lexitimación, significación e mercado da arte. Axencias e intermediarios. Tipos de mercados da arte e a súa relación coas sociedades, as institucións e as diferentes políticas culturais. 6. O debate entre a arte pública e a arte privada. De existiren coleccións públicas e privadas, e de igual maneira, políticas culturais e iniciativas privadas, existirán tamén artistas públicos e artistas privados?

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Seminarios	10.5	21	31.5
Actividades introductorias	5	0	5

Debates	4	4	8
Sesión maxistral	13	26	39
Resolución de problemas e/ou exercicios	8	18.5	26.5
Presentacións/exposicións	6	24	30
Saídas de estudo/prácticas de campo	2	4	6
Titoría en grupo	4	0	4

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Seminarios	Propónse a comprensión e/ou diagnóstico de escenarios que atinxen á arte na actualidade. A análise de actividades relacionadas coa arte contemporánea e a súa estrutura no social será o foco de atención da práctica seminarial.
Actividades introdutorias	Presentamos unha posta en contacto entre a organización dos recursos conceptuais e discursivos do alumno e os contidos que desenvolverá a materia. As actividades introdutorias buscan a complicidade entre o alumno, a materia e os profesores que a imparten.
Debates	A materia propiciará o debate no concerner ao desenvolvemento persoal e á formación dun criterio ideolóxico e social. O contemporáneo caracterízase pola construción dun sentimento formado por múltiples pensamentos contrarios e en constante emerxencia.
Sesión maxistral	Construír un corpo teórico de reflexión que lle permita ao alumnado interrogarse sobre as cuestións que conforman a práctica artística no contexto das dinámicas culturais actuais.
Resolución de problemas e/ou exercicios	Trátase de potenciar o traballo en grupo mediante a resolución de cuestións que teñen que ver coa actividade artística, sendo esta un vehículo de colaboracións cada vez máis interdisciplinar.
Presentacións/exposicións	Facer posible o desenvolvemento de capacidades no alumnado que lle permitan desenvolverse plenamente no ámbito discursivo da arte contemporánea.
Saídas de estudo/prácticas de campo	Coñecer in situ e en directo todo o ambiente que conforman as actividades propias da arte contemporánea.
Titoría en grupo	Incentivar a autoavaliación onde todo o grupo cuestiona e analiza o resultado alcanzado polos membros do grupo. Conseguir, ademais, que o grupo se unifique mediante obxectivos comúns.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Seminarios	O alumno coñece, a través do debate, os seminarios e a resolución de problemas, o grao de asentimento e significación que obtén dentro da clase, a súa capacidade para convencer no debate, o manexo que fai dos datos e a súa argumentación dos discursos contemporáneos. Horarios de titorías: Juan Carlos Román Redondo: Martes de 8:30 a 14:30h. María del Mar Rodríguez Caldas: Primeiro cuatrimestre: Venres de 15h a 21h Segundo cuatrimestre: Martes de 11:30 a 13h; 14:30 a 17h e 19 a 21h
Resolución de problemas e/ou exercicios	O alumno coñece, a través do debate, os seminarios e a resolución de problemas, o grao de asentimento e significación que obtén dentro da clase, a súa capacidade para convencer no debate, o manexo que fai dos datos e a súa argumentación dos discursos contemporáneos. Horarios de titorías: Juan Carlos Román Redondo: Martes de 8:30 a 14:30h. María del Mar Rodríguez Caldas: Primeiro cuatrimestre: Venres de 15h a 21h Segundo cuatrimestre: Martes de 11:30 a 13h; 14:30 a 17h e 19 a 21h

Avaliación

	Descrición	Cualificación
Debates	Valoraranse as capacidades discursivas e argumentativas do alumno. Incentivaranse ou xeraranse debates na materia.	10
Resolución de problemas e/ou exercicios	A avaliación continua será o sistema de valoración nos diferentes exercicios que se desenvolverán ao longo do curso.	60
Presentacións/exposicións	Valorarase o resultado acadado na realización do traballo e na súa exposición, as capacidades comunicativas, analíticas, críticas e argumentativas.	30

Outros comentarios sobre a Avaliación

A avaliación será continua.

Segunda convocatoria: indícarase a a cada estudante os traballos que debe presentar e/ou se ten que realizar algunha proba de avaliación específica.



Bibliografía. Fontes de información

Argan, Giulio Carlo (et alt.), **El pasado en el presente. El revival en las artes plásticas, la arquitectura, el cine y el teatro**, Gustavo Gili,

Borrazás, Xurxo, **Arte e Parte. Dos Patriarcas á arte suicida**, Galaxia,

Bourdieu, Pierre, **Las reglas del arte. Génesis y estructura del campo literario.**, Anagrama,

Bourriaud, Nicolas, **Estética relacional**, Adriana Hidalgo,

Guasch, Anna María, **La crítica de arte. Historia, teoría y praxis**, Serbal,

Gutiérrez Vicén, Javier, **El futuro de la creación. Los derechos de autor de los creadores visuales.**, Trama,

Wallis, Brian, **Arte después de la modernidad. Nuevos planteamientos en torno a la representación.**, Akal,

AA.VV., **Modos de hacer. Arte crítico, esfera pública y acción directa.**, Universidad de Salamanca,

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Arte e espazo social/P01G010V01901

Xestión, ámbito artístico e mundo profesional/P01G010V01910

Transmisión, mediación e educación artística/P01G010V01802

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Filosofía da arte/P01G010V01501

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Antropoloxía: Antropoloxía da arte/P01G010V01101

Historia: Historia da arte/P01G010V01202

Arte, linguaxe e representación/P01G010V01303

Arte: Arte e modernidade/P01G010V01401

Outros comentarios

As materias que foron seleccionadas establecen un vínculo teórico e analítico cos contidos da materia [Arte e contemporaneidade].

Ao longo dos meses de marzo e abril, organizaránse 3 encontros con axentes artísticos de recoñecida experiencia profesional.

DATOS IDENTIFICATIVOS**Producción artística: Imaxe II**

Materia	Producción artística: Imaxe II			
Código	P01G010V01602			
Titulación	Grao en Belas Artes			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	12	OB	3	2c
Lingua de impartición	Castelán Galego			
Departamento	Debuxo Pintura			
Coordinador/a	Dopico Castro, Marcos			
Profesorado	Bandera Vera, Antonio Maria Dopico Castro, Marcos Heyvaert , Ann Martinez de la Colina, Juan Antonio Sisenando Soler Baena, Ana Maria Urrutia Iturregui, Jose Ignacio			
Correo-e	mdopico@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	A materia de "Producción Artística: Imaxe 2" está deseñada para que conflúan nela contidos comúns de deseño gráfico e editorial, ilustración, fotografía e técnicas gráficas aplicadas á arte contemporánea. Tomando como fío condutor a obra de arte múltiple, preténdese desenvolver un proceso creativo en torno ao libro de artista como proxecto artístico propio.			

Competencias de titulación

Código	
A1	Comprensión crítica da historia, teoría e discurso actual da arte. Comprender de xeito crítico a historia, teoría e discurso actual da arte. Asimilación analítica dos conceptos nos que se sustenta a arte
A6	Coñecemento do vocabulario, códigos, e dos conceptos inherentes ao ámbito artístico. Coñecer a linguaxe da arte
A7	Coñecemento do vocabulario e dos conceptos inherentes a cada técnica artística particular. Coñecer a linguaxe creativa específica
A9	Coñecemento de métodos de produción e técnicas artísticas. Analizar os procesos de creación artística
A12	Coñecemento dos materiais e dos seus procesos derivados de creación e/ou produción. Coñecer os materiais, procedementos e técnicas que se asocian a cada linguaxe artística
A14	Coñecemento dos instrumentos e métodos de experimentación en arte. Aprendizaxe das metodoloxías creativas asociadas a cada linguaxe artística
A19	Capacidade para identificar e entender os problemas da arte. Establecer os aspectos da arte que xeran procesos de creación.
A20	Capacidade de interpretar creativa e imaxinativamente problemas artísticos. Desenvolver os procesos creativos asociados á resolución de problemas artísticos
A22	Capacidade de producir e relacionar ideas dentro do proceso creativo
A23	Capacidade de comunicación. Aprender a traducir as ideas artísticas para poder transmitilas
A24	Capacidade para expoñer oralmente e por escrito con claridade problemas artísticos complexos e proxectos
A25	Capacidade de (auto)reflexión analítica e (auto)crítica no traballo artístico.
A26	Capacidade de curiosidade e de sorpresa máis para alén da percepción práctica. Desenvolver a percepción mental para alén do retiniano
A27	Capacidade de traballar de maneira autónoma. Desenvolver a capacidade de suscitar, desenvolver e concluír o traballo artístico persoal
A31	Capacidade para xerar e xestionar a produción artística. Saber establecer a planificación necesaria nos procesos de creación artística.
A32	Capacidade de aplicar profesionalmente tecnoloxías específicas. Utilizar as ferramentas apropiadas para as linguaxes artísticas propias
A33	Capacidade de colaboración con outras disciplinas. Desenvolvemento de vías de relación e intercambio con outros campos de coñecemento
A37	Capacidade de identificar os problemas artísticos e/ou socioculturais así como os condicionantes que fan posible discursos artísticos determinados. Describir os condicionantes que inciden na creación artística. Análise das estratexias de produción artística
A38	Capacidade heurística e de especulación para a realización de novos proxectos e estratexias de acción artísticas. Desenvolver a comprensión e especulación dos problemas artísticos na súa totalidade
A42	Habilidades para a creación artística e capacidade de construír obras de arte. Adquirir as destrezas propias da práctica artística
A43	Habilidade para establecer sistemas de produción. Desenvolver estratexias aplicadas ao exercicio sistemático da práctica artística

B1	Capacidade de xestión da información.
B2	Capacidade de comunicación. Capacidade para expoñer oralmente e por escrito con claridade problemas complexos e proxectos dentro do seu campo de estudo
B3	Coñecemento básico da metodoloxía de investigación das fontes, a análise, a interpretación e síntese
B4	Capacidade de aprendizaxe autónoma.
B5	Capacidade de traballar autonomamente.
B6	Capacidade de traballar en equipo.
B8	Capacidade de iniciativa propia e de automotivación.

Competencias de materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe	
Coñecemento de diferentes disciplinas da creación artística de imaxes e a súa posible interrelación.	A7 A9 A12	
Coñecemento dos procedementos e procesos propios das disciplinas relacionadas coa elaboración de obra reproducible.	A7 A9 A12	
Coñecemento dos sistemas de reprodución da imaxe dixital e analóxica.	A9 A12 A14	
Coñecemento do vocabulario, código e conceptos inherentes aos campos do deseño, a edición, a ilustración e a imaxe múltiple.	A6 A7	
Capacidade para desenvolver propostas creativas con extensión.	A31 A32 A37	
Capacidade para abordar problemas da arte nun conxunto de obras.	A31 A37 A38	
Capacidade para comprender na súa máxima intensidade a experiencia do taller de produción e creación.	A20 A22 A31 A32	
Capacidade para a visualización e a análise de imaxes.	A1 A25	B1
Habilidade para o manexo de instrumentos e métodos propios das artes e a imaxe dixital.	A42 A43	
Capacidade para aplicar con creatividade procesos de deseño, reprodución e edición gráficos.	A19 A20 A31 A32	
Capacidade para o manexo de métodos de produción específicos.	A31 A32	
Habilidade para a experimentación coa imaxe.	A42 A43	
Habilidade para a integración de disciplinas distintas na produción e reprodución de imaxes.	A33 A42 A43	
Capacidade de traballar en equipo, capacidade de traballar autonomamente, capacidade de aprendizaxe autónoma, capacidade de iniciativa propia e de automotivación.		B4 B5 B6 B8
Coñecemento básico da metodoloxía de investigación das fontes, a análise, a interpretación e a síntese. Capacidade de xestión da información, capacidade de comunicación, capacidade para expoñer oralmente, por escrito e con claridade problemas complexos e proxectos dentro do seu campo de estudo.		B1 B2 B3
Capacidade para xerar y xestionar a produción artística. Saber establecer a planificación necesaria nos procesos de creación artística. Capacidade para expoñer oralmente, por escrito e con claridade problemas artísticos complexos e proxectos.	A23 A24 A25 A26 A27 A31	

Contidos

Tema

<p>CONTIDO XERAL: dado o carácter multidisciplinar desta materia e a transversalidade que require, establécense dous grandes bloques de traballo. Impartiranse contidos teórico-prácticos relacionados e en continuo diálogo co proxecto global: o libro de artista.</p>	<p>1. CONTIDO TEMÁTICO. Historia do deseño: o libro, a publicación, o libro de artista. Elementos e recursos de deseño gráfico. Tipografía. Maqueta e retícula. Imaxe. Ilustración. Fotografía. Materiais: o papel. A encadernación/presentación. Materialización/impresión: gráfica industrial. Técnicas gráficas artísticas. Impresión dixital.</p>
	<p>2. CONTIDO DO PROXECTO. A arte múltiple: do libro ilustrado ao concepto blogs. O libro como proxecto artístico total. Concepto/idea: narratividade e códigos visuais. Formato: dimensións e núm. Páxinas. Estrutura: secuencialidade, reticulación e lexibilidade. O ritmo: a verticalidade e a transversalidade. A compilación. A presentación: portada/cubertas/solapas. Función comunicativa. O obxecto: carpeta e caixa. A visualización e percepción do libro de artista: o consumo da obra múltiple.</p>
<p>Historia do deseño e da tipografía no século XX e XXI</p>	<p>1. Premodernidade industrial. Século XIX. As orixes da tipografía sanserif. 2. Modernidade estética. As Vangardas históricas e a Bauhaus. A tipografía xeométrica e a tipografía humanística. 3. A modernidade universal. O estilo suízo internacional e o proxecto moderno. O modelo Helvetica/Univers 4. A modernidade tardía. Os anos 70: Alemaña e Holanda. 5. Posmodernidade. A tipografía dixital e a experimentación tipográfica. 6. Época actual. Revivals tipográficos e panorama actual.</p>
<p>Aplicacións prácticas da tipografía</p>	<p>1.-Disposición Tipográfica: Medidase e espazos, ollo medio, medida de liña, interliña 2.-Xustificación: métodos e parámetros 3.-Formas tipográficas: Arracadas, Recorrido, Capitulares, Sangría, Tabulación 4.-Estética tipográfica: viudas e huérfanas, interletrado de pares, aliñación óptica. 5.-A páxina e a maqueta: tamaños, márxes, xerarquía, columnas. 6.A retícula: partes dunha retícula, definición da retícula, deseñar sen retícula. 7.-Partes de un libro.</p>
	<p>ANATOMÍA DA LETRA</p> <p>1. Atributos formais. Proporción, grosor, modulación do trazo, construción, remates 2. Familias, fontes e estilos 3. Compoñentes básicos do alfabeto 4. Clasificacións tipográficas. Vox-Atypi. 5. Tipografía en uso.</p>
<p>Software dixital de deseño e maquetación</p>	<p>1. Deseño con Indesign cs5 2. Deseño con Illustrator cs5</p>
<p>Deseño editorial e o libro de artista.</p>	<p>1. Introducción histórica. 2. Estructuración do contido e partes do libro de artista. 3. Elementos de deseño na publicación. 4. Retícula aplicada ó libro de artista. 5. Proceso de deseño. 6. Produción do libro. Materiais, papeis, encadernación. 7. Presentación do libro. 8.Elaboración da memoria.</p>
<p>Ilustración.</p>	<p>1. Principios de ilustración 2. Desenvolvemento do proxecto de ilustración conceptual para libro de artista.</p>
<p>Fotografía.</p>	<p>1. Introducción á análise da fotografía entendida como ferramenta expresiva e de comunicación dentro do libro-obxecto e da revista-obxecto 2. A linguaxe do fotográfico dentro do libro de artista: conceptos, creatividade e modos de expresión. 3. A imaxe analóxica e dixital, e a súa manipulación para crear un libro de artista 4. A imaxe dixital. RGB e CMYK. Modos de cor. Formatos dixitais e sistemas de compresión (TIFF, JPG, PNG, etc.) 5. Input da imaxe dixital. Escáneres e cámaras dixitais. Resolucións de entrada en relación cos formatos e as dimensións finais.</p>

Gráfica.

1. Correspondencia entre técnica e proxecto.
2. Relacións de permeabilidade e absorción entre técnicas de gravado e estampaxe.
3. O gravado na fronteira. Tradición e transgresión.
4. Ready-made versus Papermaking.
5. Fanzine
6. Libro de artista.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Sesión maxistral	30	42	72
Proxectos	45	135	180
Prácticas de laboratorio	15	15	30
Seminarios	6	0	6
Saídas de estudo/prácticas de campo	5	0	5
Resolución de problemas e/ou exercicios	3	3	6
Probas de tipo test	1	0	1

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Sesión maxistral	Clase maxistral con posible apoio multimedia. Concatenación da teoría coa práctica: temas teóricos e exercicios prácticos. Lección maxistral, exposición de contidos e demostracións prácticas por parte do profesor. Recursos de visualización de imaxes e procesos. Observación directa de traballos realizados por alumnos de cursos anteriores. Análises de imaxes reproducidas tanto en libros ou revistas como en diferentes medios audiovisuais.
Proxectos	O estudante, de maneira individual ou en grupo, traballa no desenvolvemento do proxecto e presenta o resultado do seu traballo ante o profesor e un grupo de estudantes. Desenvolvemento do proxecto: definición; concreción do marco conceptual do proxecto de libro de artista; revisión e cualificación do proxecto teórico que se vai desenvolver durante o cuadrimestre; bosquejos, esquemas, secuencia, presentación de estrutura, partes do libro e retícula; presentación e defensa do proxecto en público empregando un modelo de presentación audiovisual ou informático; exposición dos traballos teóricos e prácticos de clase; aprobación e posta en acción do proxectado; produción e elaboración física; elaboración de memoria xustificativa teórica; defensa final e entrega do proxecto.
Prácticas de laboratorio	Os estudantes traballan individualmente ou en grupo baixo supervisión do profesor. Exercicios prácticos de aprendizaxe de subtemas. Titorías e correccións. -Elección progresiva: ofrecerlle ao alumno a posibilidade de elixir diferentes opcións de traballo en función dos seus intereses, preferencias, capacidades, etc. -Consideración de ritmo e metodoloxía de traballo persoal. -Orientación crítica do traballo que se estea a realizar respectando o desenvolvemento creativo persoal.
Seminarios	Cursiño de curta duración cun sistema de traballo cunha forte carga práctica a cargo dun profesor ou un especialista invitado ad-hoc.: toma de contacto con profesionais do ámbito, invitados nacionais ou estranxeiros para ver en que e como se está a traballar dunha maneira práctica no campo das creacións de obra múltiple editorial. Charlas-coloquio, entrevistas a artistas, conferencias, seminarios, etc.
